



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Investigación en Ocupación Humana e as Múltiples Diversidades	Código	653862315s	
Titulación	Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria (semipresencial)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	laura.nieto@udc.es	
Profesorado	Canosa Domínguez, Nereida María Groba Gonzalez, Betania Nieto Riveiro, Laura Rosende Celeiro, Iván de	Correo electrónico	nereida.canosa@udc.es b.groba@udc.es lnieto@udc.es ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende favorecer o coñecemento e a reflexión sobre a diversidade humana e o seu vínculo coa ocupación, promover o achegamento do alumnado ás múltiples diversidades, potenciar unha abordaxe holística da diversidade humana nos procesos de saúde e no desenvolvemento da actividade investigadora, e impulsar o deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación baseados na diversidade humana.			
Plan de continxencia	<ol style="list-style-type: none">Modificacións nos contidos: Non se realizará ningunha modificación nos contidos da materia.Metodoloxías: Manteranse todas as metodoloxías definidas nesta guía docente. Unicamente pasarían a desenvolverse de maneira totalmente virtual as seguintes metodoloxías: Discusión dirixida, Investigación (Proxecto de investigación), Presentación oral e Solución de problemas.Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:<ul style="list-style-type: none">- Correo electrónico: semanalmente. Empregarase esta vía para ofrecer atención individualizada ao alumnado da materia, resolver posibles dúbidas ou consultas, programar titorías virtuais ou realizar o seguimento dos traballos solicitados.- Campus Virtual: semanalmente. Cada semana, comunicárase a través do Foro de novas información actualizada sobre a materia, e poñerase a disposición do alumnado documentación e materiais relativos aos contidos e temáticas centrais da materia. Ademais, semanalmente atenderanse as dúbidas ou consultas que faga chegar o alumnado a través dos foros ou da opción de mensaxe privada desta plataforma.- Teams: semanalmente. Cada semana, levarase a cabo 1 sesión en vivo con todo o alumnado matriculado, na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario oficial da Facultade. Ademais, segundo as necesidades de cada estudante, tamén se utilizará este mecanismo para realizar titorías virtuais individualizadas ou en grupo reducido, previa solicitude do alumnado interesado, ou a petición do profesorado se o estima preciso, para ofrecer seguimento e orientación no desenvolvemento dos traballos da materia. Estas titorías poderanse realizar de luns a venres, entre as 09:00 e as 19:00 h., sendo programadas nun horario consensuado coas docentes, que non interfira en ningún caso coa asistencia e participación do estudantado nas restantes materias do título nas cales estea matriculado.Modificacións na avaliación: Non se realizará ningún cambio no sistema de avaliación da materia.Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non se realizarán cambios. O alumnado terá á súa disposición no Campus Virtual toda a documentación e materiais bibliográficos ou audiovisuais necesarios para o desenvolvemento dos traballos solicitados. Así, facilitarase documentación elaborada polo propio equipo docente da materia, así como fontes bibliográficas e materiais adicionais cos que o estudantado poida completar os seus coñecementos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Adquirir la capacidad para elegir y aplicar las metodologías de investigación más adecuadas a la investigación planteada
A3	Adquirir un sentido ético de la investigación sanitaria



A5	Adquirir el conocimiento de la realidad investigadora en un ámbito concreto de las ciencias de la salud
B1	Ser capaz de aplicar el método científico en la planificación y el desarrollo de la investigación sanitaria
B2	Tener fluidez y propiedad en la comunicación científica oral y escrita
B3	Adquirir el compromiso por la calidad del desarrollo de la actividad investigadora
B4	Desarrollar la capacidad de análisis y de síntesis
B5	Obtener la habilidad para manejar distintas fuentes de información
B6	Ser capaz de trabajar de forma colaborativa en equipos multi e interdisciplinar
B7	Desarrollar la capacidad de establecer una relación de empatía con los sujetos implicados en el desarrollo de la actividad investigadora
B8	CB6 Poseer y comprender conocimientos que aporten una base u oportunidad de ser originales en el desarrollo y/o aplicación de ideas, a menudo en un contexto de investigación
B9	CB7 Que los estudiantes sepan aplicar los conocimientos adquiridos y su capacidad de resolución de problemas en entornos nuevos o poco conocidos dentro de contextos más amplios (o multidisciplinares) relacionados con su área de estudio
B10	CB8 Que los estudiantes sean capaces de integrar conocimientos y enfrentarse a la complejidad de formular juicios a partir de una información que, siendo incompleta o limitada, incluya reflexiones sobre las responsabilidades sociales y éticas vinculadas a la aplicación de sus conocimientos y juicios
B11	CB9 Que los estudiantes sepan comunicar sus conclusiones y los conocimientos y razones últimas que las sustentan a públicos especializados y no especializados de un modo claro y sin ambigüedades
B12	CB10 Que los estudiantes posean las habilidades de aprendizaje que les permitan continuar estudiando de un modo que habrá de ser en gran medida autodirigido o autónomo
C1	Expresarme correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma
C2	Dominar la expresión y la comprensión de forma oral y escrita de un idioma extranjero
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía respetuosa con la cultura democrática, los derechos humanos y la perspectiva de género
C7	Desarrollar la capacidad de trabajar en equipos interdisciplinares o transdisciplinares, para ofrecer propuestas que contribuyan a un desarrollo sostenible ambiental, económico, político y social
C9	Tener la capacidad de gestionar tiempos y recursos: desarrollar planes, priorizar actividades, identificar las críticas, establecer plazos y cumplirlos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar técnicas de investigación que contemplan a diversidade humana e as súas implicacións sobre as ocupacións humanas.	AI1 AI3 AI5	B11 B13 B15 B17 B18 B110	C11 C19
Coñecer as liñas de investigación relacionadas coa diversidade humana e, en particular, aquelas vinculadas coa ocupación humana.	AI5	B14 B15 B18 B110	C14
Capacitar para unha abordaxe holística da diversidade humana nos procesos de saúde e no desenvolvemento da actividade investigadora.	AI1 AI3	B12 B13 B16 B17 B19 B111 B112	C14 C17



Deseñar e desenvolver proxectos de investigación baseados na diversidade humana, acordes aos perfís profesionais do alumnado.	AI1	B11	C11
	AI3	B12	C12
	AI5	B13	C17
		B14	C19
		B15	
		B16	
		B18	
		B19	
		BI11	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción sobre a diversidade humana e outros conceptos relacionados.	1.1. Conceptualización da diversidade humana. 1.2. Importancia da diversidade. 1.3. Introducción a outros conceptos relacionados: identidade, igualdade, dignidade, xustiza, dereitos, inclusión, participación, estigma social.
2. Aproximación ás múltiples diversidades.	2.1. Aproximación á diversidade social e cultural (étnica, relixiosa, ideolóxica, política, etc.). 2.2. Aproximación á diversidade funcional. 2.3. Aproximación á diversidade e a identidade de xénero, e outros conceptos relacionados. 2.4. Aproximación á diversidade e a identidade sexual, e outros conceptos relacionados. 2.5. Achegamento a outros tipos de diversidade. 2.6. Marco normativo e legal de referencia a nivel autónómico, nacional e internacional.
3. Conceptos e modelos de diversidade.	3.1. Evolución histórica dos modelos vinculados coa diversidade funcional: modelo de prescindencia, modelo médico-rehabilitador, modelo de vida independente ou social, e modelo da diversidade. 3.2. Revisión de teorías relativas á diversidade e identidade de xénero: perspectiva cognitiva, perspectiva social (modelos de interacción sociocognitiva, modelos sociais), perspectiva da aprendizaxe social, perspectiva política, etc.
4. Ocupación humana e as múltiples diversidades.	4.1. Contextualización sobre a ocupación humana. 4.2. Implicacións da diversidade social e cultural na ocupación humana. 4.3. Implicacións da diversidade funcional na ocupación humana. 4.4. Implicacións da diversidade de xénero e sexual na ocupación humana.
5. Abordaxe holística da diversidade humana.	5.1. Abordaxe holística da diversidade humana nos procesos de saúde. 5.2. Abordaxe holística da diversidade humana no desenvolvemento da actividade investigadora. Deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación, baseados na diversidade humana acordes aos perfís profesionais do alumnado.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	B2 B4 B5 B8 B10 B12 C1 C2	0	20	20
Discusión dirixida	A3 B4 B5 B6 C1 C4 C7	9	15	24



Foro virtual	A3 A5 B4 B5 B6 B8 B12	0	14	14
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A3 A5 B12 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C7 C9	6	54	60
Presentación oral	B2 B4 B11 C1	3	6	9
Solución de problemas	A3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B12 C4 C7	6	12	18
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia, con actividades especificamente deseñadas para a súa análise. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na cal as persoas integrantes do grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinadas por unha persoa que actúe como moderadora.
Foro virtual	Estudo dirixido a través de materiais multimedia.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudantado identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e o profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Investigación (Proxecto de investigación) Presentación oral Solución de problemas Análise de fontes documentais Foro virtual	A atención personalizada farase mediante titorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), preferiblemente de maneira virtual, a través da aplicación Teams. Estas titorías poderanse realizar de luns a venres, entre as 09:00 e as 19:00 h. Levaranse a cabo previa solicitude do estudantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado co equipo docente, que non interfira en ningún caso coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título en que estea matriculado. Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico, e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada do Campus Virtual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A3 A5 B12 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C7 C9	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais y sintácticos), a integración e aplicación de conceptos e procedementos abordados na materia, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	50
Presentación oral	B2 B4 B11 C1	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de comunicación oral do alumnado, a capacidade de análise e de síntese, e a argumentación ofrecida nas súas intervencións.	20
Análise de fontes documentais	B2 B4 B5 B8 B10 B12 C1 C2	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos abordados na materia, a capacidade de análise e de síntese, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, e a actitude crítica e reflexiva.	30

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE nº 224 de 18 de setembro de 2003), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación.

Para superar a materia, cada estudante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas, e entregar todos os traballos solicitados.

Ademais, deberá acadar unha nota global mínima de 5 puntos, e ter superada, como mínimo, a metodoloxía de Investigación (Proxecto de investigación), para o cal é preciso obter unha cualificación mínima do 50% da nota máxima (2,5 sobre 5 puntos). En caso contrario, non se sumarán nin serán tidas en conta as notas das restantes metodoloxías (Análise de fontes documentais e Presentación oral), e a cualificación global da materia corresponderase coa nota obtida na metodoloxía suspensa (Investigación).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro), a/o estudante deberá repetir na segunda oportunidade (xullo) a entrega do(s) traballo(s) suspenso(s) ou non entregado(s).

Segundo a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 4 de maio de 2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, terá dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará a expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.

Asemade, a docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Agustina Palacios, Javier Romañach (2006). El modelo de la diversidad: la Bioética y los Derechos Humanos como herramientas para alcanzar la plena dignidad en la diversidad funcional. Madrid: Ediciones Diversitas
- Agustina Palacios (2008). El modelo social de discapacidad: orígenes, caracterización y plasmación en la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad. Madrid: CERMI, Ediciones CINCA
- Andrés Gutiérrez (Coord.) (2017). Trans. Diversidad de identidades y roles de género. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte
- Angels Ponce, Miguel Gallardo (2011). Diferentes. Guía Ilustrada sobre la DIVERSidad y la disCAPACIDAD. Barcelona: Fundación Adecco, OHL
- Begoña Rodríguez, Olivia Castillo (coord.) (2018). Glosario de términos sobre diversidad afectivo sexual. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad
- Carol Lynn Martin, Diane N Ruble (2010). Patterns of gender development. Annu Rev Psychol;61:353-81
- Consejo de la Unión Europea (2013). Directrices de la UE para promover y proteger el disfrute de todos los derechos humanos por parte de las personas LGBTI. Bruselas: Consejo de la UE
- Cristina Morales (2020). Lectura fácil. Ni amo, ni dios, ni marido, ni partido, ni de fútbol. Barcelona: Anagrama
- Ignacio Calderón-Almendros, Paula Verde-Francisco (2018). Reconocer la diversidad. Textos breves e imágenes para transformar miradas. Barcelona: Octaedro
- Ignacio Calderón-Almendros I, Rafael Calderón-Almendros (2016). ?I open the coffin and here I am?: disability as oppression and education as liberation in the construction of personal identity. Disabil Soc; 31(1):100-15
- Manuela Crespo, Maribel Campo, Miguel Ángel Verdugo (2003). Historia de la Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud (CIF): un largo camino recorrido. Siglo Cero; 34[1](205): 20-6
- Marcela Schenck (2018). Incorporación de la diversidad genérico-sexual en salud: claves teóricas para un modelo analítico. Rev Fac Der; (45)
- Marta Lamas (2000). Diferencias de sexo, género y diferencia sexual. Cuicuilco; 7(18)
- Moscas de Colores (2021). Glosario LGBT. <http://www.moscasdeclores.com/es/glosario-lgbt>
- Naciones Unidas, Derechos Humanos, Oficina del Alto Comisionado (2012). Nacidos libres e iguales. Orientación sexual e identidad de género en las normas internacionales de derechos humanos. Nueva York, Ginebra: Naciones Unidas
- Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura (2002). Declaración Universal de la UNESCO sobre la Diversidad Cultural. París: UNESCO
- Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura (2005). Convención sobre la protección y la promoción de la diversidad de las expresiones culturales. París: UNESCO
- Organización Mundial de la Salud (2001). Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Secretaría General de Asuntos Sociales, IMSERSO
- Patricia García-Leiva (2005). Identidad de género: modelos explicativos. Escritos de Psicología; (7):71-81
- Principios de Yogyakarta (2007). Principios sobre la aplicación de la legislación internacional de derechos humanos en relación con la orientación sexual y la identidad de género. <http://yogyakartaprinciples.org/>
- RAINBOW (Rights Against INTolerance: Building an Open-minded World) (2012). Glosario de términos LGBT. <http://www.rainbowproject.eu/material/es/glossary.htm>
- Raquel Osborne, Cristina Molina Petit (2008). Evolución del concepto de género. EMPIRIA. Revista de Metodología de las Ciencias Sociales; (15):147-182
- Tammy C Hoffmann, Paul P Glasziou, Isabelle Boutron et al (2014). Better reporting of interventions: template for intervention description and replication (TIDieR) checklist and guide. BMJ; 348:g1687
- Tania Esmeralda Rocha (2009). Desarrollo de la identidad de género desde una perspectiva psico-socio-cultural: un recorrido conceptual. Interam J Psychol; 43(2):250-9

Bibliografía complementaria



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Investigación en Ocupación Humana e Determinantes Sociais da Saúde/653862314s

Observacións

1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:Non se empregarán plásticos.Realizaranse impresións a dobre cara.Utilizarase papel reciclado.Evitarase a impresión de borradores.2.- A docente responsable da materia resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao alumnado coa suficiente antelación.3.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente cualificación de suspenso '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.4.- Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías